

4º Educación Primaria

PROGRAMACIÓN ANUAL

CURSO 2020-2021

CEIP BARRANTES - TOMIÑO

ÍNDICE

1. Consideracións previas.
2. Introducción e contextualización da programación.
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.
5. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis e grao mínimo de consecución para superar a materia.
6. Actividades e temporalización.
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Metodoloxía.
9. Materiais e recursos didácticos, incluídos libros de texto.
10. Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.
11. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
13. Medidas de atención a diversidade.
14. Actividades complementarias e extraescolares.
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
16. Accións de contribución ao proxecto lector, ao plan TIC e ao plan de convivencia.
17. Profesorado que imparte docencia no grupo.
18. Consideracións específicas no caso de interrupción da actividade lectiva presencial.

1. CONSIDERACIONES PREVIAS

Esta PD desenvolverase nun contexto excepcional debido á Covid-19 e ao abeiro das Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

Por outra banda, é importante destacar que tanto o funcionamento diario do centro como as actividades lectivas veranse condicionadas ou parcialmente modificadas ao abeiro do Plan de adaptación á situación Covid-19 do noso centro educativo.

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Existen diversas definicións de Programación Didáctica. O pedagogo galego Miguel Vázquez Freire a define como “especificacións educativas que responden ás preguntas de que, como e cando ensinar, e que, como e cando avaliar”.

Esta Programación Didáctica baséase nos seguintes aspectos:

2.1. ASPECTOS LEGAIS

O Sistema Educativo actual atópase regulado pola Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE). Dita lei reconece a equidade, a calidade, a orientación, a flexibilidade ou a autonomía como piares fundamentais para conseguir un Sistema Educativo de calidade e para acadar os fins da educación, que pasarán por desenvolver no alumnado a autonomía, os valores, a creatividade, a saúde, a igualdade e a liberdade, así como unha serie de aptitudes nos ámbitos lingüístico, matemático, científico ou artístico.

Os elementos prescritivos que guiarán os procesos de ensino e aprendizaxe (obxectivos, contidos, competencias, metodoloxía, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe) quedan regulados a través do Decreto 105/2014, polo que se establece o Currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, elementos que poderán ser adaptados ás características, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.

Esta lexislación pon o acento nos estándares de aprendizaxe avaliábeis entendidos como as “especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes”, así como no desenvolvemento dunha serie de competencias clave definidas no Artigo 4º como “capacidades para aplicar de forma integrada os contidos e que están directamente relacionadas coas Intelixencias Múltiples de Howard Gardner.

A programación de aula representa polo tanto un elemento de máxima importancia na práctica educativa. Toda programación debe partir do currículo xeral e prescritivo de cada etapa educativa, neste caso, do currículo da Educación Primaria.

2.2. ASPECTOS TEÓRICOS

Segundo o Artigo 2º do Decreto 105/2014, a finalidade do currículo da Educación Primaria é “regular os elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas”. Este será aberto, flexible, prescritivo e orientador.

Co intento de dar unha maior coherencia ao noso sistema educativo, o currículo será adaptado ás distintas realidades nas que será desenvolvido a través dos tres niveis de concreción:

1º Nivel	Currículo Oficial	Administración Educativa	Comunidade Autónoma
2º Nivel	Concreción Curricular de Centro	Centro	Comisión de Coordinación Pedagóxica
3º Nivel	Programación de Actividades e Tarefas	Aula	Profesorado

Sabendo pois que unha programación didáctica é un conxunto de unidades didácticas, ordenadas e secuenciadas para un determinado nivel educativo, diremos que as unidades didácticas son unidades de traballo, programadas e contextualizadas, relativas a un proceso de ensino e aprendizaxe, articulado en torno a un centro de interese, e nas que se precisan os obxectivos, as competencias do currículo, os contidos, as actividades, os estándares de aprendizaxe, os criterios de avaliación, tendo en conta ademais a metodoloxía, recursos e materiais que se van empregar e unha temporización flexible.

2.3. CONTEXTUALIZACIÓN

Vygotski sinalaba que a intelixencia se desenvolve grazas a certos instrumentos ou ferramentas psicolóxicas que o/a neno/a atopa no seu contorno, e que ampliarán habilidades mentais como a atención, memoria ou concentración.

Polo tanto, toda Programación Didáctica debe estar contextualizada, é dicir, adaptada ás características do contorno no que se desenvolve, do centro e do alumnado ao que vai dirixida, así como ter presente o Proxecto Educativo de Centro, que determinará a súa identidade.

2.4. CONTORNO

O Centro está situado na localidade de Tomiño, nun contorno interior da provincia de Pontevedra, preto da desembocadura do río Miño e no corazón da comarca do Baixo Miño. Trátase dunha localidade maioritariamente rural cunha poboación moi dispersa e que rolda os 13.000 habitantes, maioritariamente galegofalantes.

A actividade económica desta poboación basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas e madeireiras.

A localidade conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, un porto fluvial, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, así como diferentes lugares para o lecer como a praia fluvial, parques, campo de fútbol e baloncesto...

2.5. CENTRO

Esta programación desenvolverase no Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Barrantes no que hai matriculados arredor de 100 alumnos e alumnas e que conta cunha unidade para cada nivel de cada unha das dúas etapas. A organización interna do Centro Educativo, segue as pautas do Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria, e da Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das Escolas de Educación Infantil, dos Colexios de Educación Primaria e dos Colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Centro, que ten horario de xornada continua, de 9:30 a 14:30, dispón de comedor e servizo de transporte escolar. O día reservado para atención a familias e xuntanzas de profesorado é o martes, tendo reservado o

tempo para familias de 16:00 a 17:00 e para profesorado de 17:00 a 18:30.

O equipo docente do Centro está formado por seis mestres/as titores/as de Educación Primaria, tres mestras de Educación Infantil, unha de Educación Física, unha de Lingua Estranxeira (Inglés), unha especialista en Pedagogía Terapéutica, unha mestra compartida de Audición e Linguaxe, un mestre de Educación Musical e unha mestre/a de Relixión (compartida) para aqueles nenos e nenas que así a tiveran solicitada, (na etapa de Primaria, os demais optarán pola área de Valores Sociais e Cívicos) tal como se especifica no Decreto 105/2014 en relación ás actividades de estudo alternativas ao ensino da relixión. O persoal non docente está constituído por unha coidadora, unha cociñeira, unha axudante de cociña, o persoal de atención ao alumnado no horario de comedor e o de limpeza.

A respecto do Departamento de Orientación, o CEIP de Barrantes está adscrito a un Departamento de Orientación situado noutro centro escolar do concello e a orientadora visítanos os luns e mércores.

O edificio está distribuído en dúas plantas. No exterior conta cun patio cuberto e outro aberto ao aire libre de gran amplitude (pistas deportivas) e delimitado polas zoas axardinadas que bordean o muro primetral do recinto escolar. Conta con Biblioteca PLAMBE, aula de lingua estranxeira, aula de Expresión Plástica e aula de Música.

No relativo á organización, o noso Centro escolar segue a seguinte organización:

● **Órganos de goberno:** Unipersoais (Director, Xefa de Estudos e Secretaria) e colexiados (Consello Escolar e Claustro de Profesorado).

● **Órganos de coordinación docente:** Equipos de Ciclo, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e Tutorías, así como Departamento de Orientación, Equipo de dinamización das TIC, Equipo de Dinamización da Biblioteca e Tutorías.

2.6. ALUMNADO E FAMILIAS

Esta programación didáctica vai dirixida a alumnado do 4º Curso de Educación Primaria, caracterizado por ser un alumnado activo, imaxinativo, entusiasta e participativo.

En canto ao perfil psicolóxico o alumnado atópanse no período das operacións concretas (Piaget), que abarca dende os 6 ata os 12 anos aproximadamente, caracterizado en liñas xerais por:

- O proceso de razoamento vólvese lóxico e pode aplicarse a problemas concretos ou reais.
- Convértense nun seres potencialmente sociais e supérase o egocentrismo o que lles permite unha visión máis obxectiva do mundo.
- A linguaxe convértese nun instrumento de axuda á evolución cognitiva e afectivo-social.
- Teñen acadados os esquemas lóxicos de seriación e clasificación, ordenamento mental de conxuntos e clasificación dos conceptos de casualidade, espazo, tempo e velocidade.
- Aparece a reversibilidade, entendida como interiorización dunha acción e a súa contraria.
- Desenvólvese o principio de conservación.

O noso grupo está composto por 15 alumnos: 9 nenas e 6 nenos. Cabe prestar especial atención a dous deles pois presentan necesidades específicas de apoio educativo. Teremos en conta estes aspectos e o establecido no Decreto 229/2011 de 7 de decembro polo que se regula a Atención á Diversidade.

A tipoloxía das familias dos nenos e nenas do Centro é moi homoxéneo e mostran grande predisposición para participar nas actividades propostas polo centro.

2.7. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

Tal e como establece o Decreto 105/2014, os pais, nais ou titores legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, fillas ou tutelados e tuteladas.

Na nosa práctica debemos ter en conta ás familias do alumnado, xa que constitúen un contexto de socialización importante para o neno/a e xogan un papel fundamental no seu desenvolvemento como persoa autónoma e activa, polo que é necesario planificar medidas que favorezan estas relacións.

Deste xeito, os centros escolares deben manter unha estreita vinculación coas familias e levar a cabo un traballo común de responsabilidade compartida, mediante unha comunicación bidireccional (a través da Axenda Escolar, do Abalar Móbil ou das ventás virtuais de comunicación a través das TIC) e unha participación real na planificación educativa, na súa realización e no control dos procesos de ensino e aprendizaxe.

Para asegurar a coherencia desta práctica educativa, propóranse canles de comunicación ao longo do curso (xuntanzas informativas, entrevistas iniciais e xuntanzas ordinarias ou extraordinarias) nas que se presentarán temas de interese educativo e se comentará o desenvolvemento do curso, valorando os progresos e dificultades do neno/a.

Propóranse tamén diversas actividades nas que poidan prestar colaboración, como saídas educativas, obradoiros, xornadas deportivas ou de fomento da vida saudable, festas e conmemoracións así como en actividades extraescolares. Terán especial relevancia no entorno TIC, onde participarán en diversas actividades.

Tamén estarán presentes na organización do centro mediante a súa participación no Consello Escolar e mediante a Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA).

2.8. PROXECTOS E PLANS

Existen unha serie de Proxectos e Plans no Centro que debemos nomear neste apartado xa que condicionan dalgún xeito esta Programación Didáctica.

- **PLAMBE:** Este curso o Centro participa deste programa polo que se estimula a renovación das bibliotecas escolares enfocados a que cada centro conte cunha biblioteca como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe e un espazo de encontro entre os distintos sectores da comunidade educativa, no que poder medrar e formarse como lectores e como usuarios da información e desenvolver as competencias ALFIN.
- **Contratos-Programa:** O Centro solicitará participar dos Contratos-Programa da Consellería a través de modalidades como “IGUÁLA-T”, entre outros.
- **Plan Proxecta:** O centro poderá participar deste a través dos programas “Proxecto Deportivo de Centro” (Centros Activos e Saudables) e “Aliméntate ben” que aproveitaremos en diversas actividades desta programación.
- **Proxecto anual “VIDA SAUDABLE”:** Grazas aos beneficios motivadores, socializadores, reflexivos e integradores do traballo por proxectos (Kilpatrick, 1918), esta programación estará directamente relacionada coa continuación do Proxecto Anual temático comezado o pasado curso no que permitirá á comunidade educativa acadar estilos de vida saudables afondando no coidado da súa saúde física e mental e valorando a importancia de facelo.
- **Turonia:** Actividade de gran tradición tanto no noso centro como nos demais centros do Concello de Tomiño. Será realizada no caso de que a situación Covid-19 o permita.
- **Clube de Ciencia:** De ser o caso, continuarase fomentando a ciencia entre o alumnado por terceiro

curso.

- **EDIXGAL:** Implantado por completo nos dous últimos niveis de Educación Primaria.

3. **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

O Decreto 105/2014, refírese ás competencias clave como “as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”.

Segundo o Artigo 5 da Orde ECD/65/2015 de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato, estas competencias teñen varias características: Están integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares; desenvólvense nos ámbitos da educación formal, non formal e informal e permanentemente ao longo de toda a vida; o seu desenvolvemento realízase desde todas as áreas, contidos e metodoloxía e permitirán graduar o rendemento o desempeño acadado en cada unha delas.

A través de tódalas áreas do currículo, preténdese pois, que o alumnado acade os obxectivos educativos e consecuentemente as competencias. Este traballo deberase completar con medidas organizativas e funcionais como a participación do alumnado, as normas de réxime interno, as metodoloxías e recursos didácticos, a organización e funcionamento do centro...

Tódalas áreas contribúen ao desenvolvemento das diferentes competencias, e pola súa parte, cada unha das competencias, acadarase como consecuencia do traballo nas distintas áreas. Ao ser as competencias un elemento organizador, terán influencia, no só nos contidos e na avaliación, senón tamén na metodoloxía.

O tratamento global de todas as áreas fará que contribúa ao desenvolvemento de tódalas competencias da seguinte forma:

▪ **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

Estamos ante unha competencia de carácter universal. A utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita canalizará os contidos da área, como forma de interpretación, comprensión e representación da realidade. Fomentaremos a alfabetización informacional (ALFIN) a través de tarefas de busca, recompilación e creación de información partindo de fontes diversas.

▪ **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA E TECNOLOXÍA**

As aprendizaxes nas diferentes áreas ofrecen a oportunidade de empregar ferramentas matemáticas en diversos contextos significativos como cálculos ou estimación e mediante as representacións gráficas ou emprego de táboas de datos, contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática.

Por outra banda, o emprego das ferramentas e instrumentos científicos para a observación, investigación ou obtención e a representación de datos como compases, telescopios y estacións meteorolóxicas permitirá que ao alumnado achegarse ao uso das novas tecnoloxías.

▪ **COMPETENCIA DIXITAL**

O emprego das Tecnoloxías da Información e da Comunicación permitirá acceder a información ou á visualización de distintas experiencias, experimentos, datos, fenómenos científicos, culturais ou sociais en todo o mundo a través de Internet, de aplicacións informáticas (Apps) ou dos diferentes materiais audiovisuais.

▪ **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

Para que as aprendizaxes contribúan ao desenvolvemento desta competencia, deberemos favorecer o desenvolvemento de técnicas para organizar e comprender a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais. Tanto a reflexión sobre o que se aprende, como o esforzo por contalo oralmente ou por

escrito, contribúe ao desenvolvemento desta competencia.

▪ **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS**

Trátase de dous ámbitos que incumben directamente a esta área. Por unha banda, o das relacións próximas: familia, amigos/as, que supón o coñecemento de emocións e sentimentos en relación cos demais. Por outra, o barrio, municipio, comunidade autónoma, país...

Traballaremos para comprender a organización social e as funcións destas realidades e para desenvolver as habilidades sociais críticas e reflexivas e para unha correcta convivencia.

▪ **COMPETENCIA DE SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

As diferentes áreas inclúen contidos directamente relacionados con esta competencia, xa que fala da capacidade de elixir con criterio propio e de levar adiante accións que desenvolvan os plans persoais no marco das accións individuais ou colectivas sendo responsable delas en diferentes ámbitos.

▪ **COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI**

Refírese a destrezas relacionadas co emprego de recursos de expresión artística e cultural para realizar creacións propias, mediante diversas actividades realizadas nesta área. A contribución a esta competencia céntrase no coñecemento das manifestacións culturais e artísticas, a valoración da súa diversidade e o recoñecemento do patrimonio cultural e artístico da contorna.

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

3.1 OBXECTIVOS

Constitúen unha guía para a planificación da aprendizaxe e defínense como “os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin”. Os obxectivos exprésanse en capacidades que as áreas contribuirán a desenvolver. Quedan establecidos no Artigo 3º do Decreto 105/2014 e serán os seguintes:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser

quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.2 CONTIDOS

Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado desta forma:

Área	Bloques de Contidos
Lingua Castelá e Literatura	1 Comunicación oral: escoitar e falar 2. Comunicación escrita: ler 3. Comunicación escrita: escribir 4. Coñecemento da lingua 5. Educación literaria
Lingua Galega e Literatura	1 Comunicación oral: escoitar e falar 2. Comunicación escrita: ler 3. Comunicación escrita: escribir 4. Coñecemento da lingua 5. Educación literaria
Matemáticas	1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas. 2. Números. 3. Medida. 4. Xeometría. 5. Estatística e probabilidade.
Ciencias da Natureza	1. Iniciación á actividade 2. O ser humano e a saúde 3. Os seres vivos

	4. Materia e enerxía 5. A tecnoloxía, aparellos e máquinas
Ciencias Sociais	1. Contidos comúns da área 2. O mundo no que vivimos 3. Vivir en sociedade 4. As pegadas do tempo
Valores Sociais e Cívicos	1. A identidade e a dignidade da persoa 2. A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais 3. A convivencia e os valores sociais
Educación Plástica e Visual	1. Educación audiovisual 2. Expresión artística

3.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Trataríanse do referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Establécense no Anexo I do Decreto 105/2014 e distribúense ao longo de cada unha das unidades didácticas desta programación. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

3.2 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

No Decreto 105/2014 quedan definidos como as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou logro acadado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

5. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Nos Anexos desta programación inclúense una serie de cadros nos que figura a distribución e relación entre Obxectivos, Contidos, Criterios de Avaliación, Estándares de Aprendizaxe Avaliábeis e Competencias Clave.

De igual xeito figuran co texto en cor vermello os mínimos esixibles necesarios para superar cada unha das Áreas.

6. ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

A programación ten un carácter anual e a súa organización temporal distribuirase ao longo dos 175 días lectivos que marca o Decreto 105/2014. Paralelamente seguirá as pautas marcadas polo calendario escolar para o curso 2020/2021 regulado pola Orde do 25 de xuño do 2020 que establece que na educación primaria a impartición efectiva de clases realizarase do día 10 de setembro de 2020 ao 22 de xuño de 2021, ambos inclusive tendo en conta os seguintes periodos vacacionais:

- Nadal: desde o día 23 de decembro de 2020 ata o día 7 de xaneiro de 2021, ambos inclusive.
- Entroido: días 15, 16 e 17 de febreiro de 2021.
- Semana Santa: desde o día 27 de marzo ata o 5 de abril de 2021, ambos inclusive.

Deste xeito, distribuiránse as Unidades Didácticas de cada área seguindo a organización que a continuación figura:

ÁREA	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Lingua Galega	4 Unidades	4 Unidades	4 Unidades
Lingua Castelá	4 Unidades	4 Unidades	4 Unidades
Matemáticas	4 Unidades	4 Unidades	4 Unidades
Ciencias da Natureza	2 Unidades	2 Unidades	2 Unidades
Ciencias Sociais	2 Unidades	2 Unidades	2 Unidades
Educación Plástica	3 Unidades	3 Unidades	3 Unidades
Valores Sociais	2 Unidades	2 Unidades	2 Unidades

Trátase non obstante dunha organización flexible e que poderá sufrir modificacións debidas ao ritmo de aprendizaxe do alumnado ou das dificultades que poidan xurdir na aula.

Para o desenvolvemento das distintas Unidades Didácticas realizaremos diversas actividades e tarefas que faciliten a contextualización de aprendizaxes e que se dividirán nestas categorías:

- AGRUPAMENTOS

- **Actividades de gran grupo:** Dirixidas a un grupo numeroso de alumnos/as, todo o ciclo ou todo o centro. Por exemplo: Saídas educativas, asembleas, celebracións ou conmemoracións...
- **Actividades de grupo aula:** Dirixidas ao grupo - clase. Por exemplo: lectura do conto Luceciño, faladoiros, ditados, dramatizacións...
- **Actividades de pequeno grupo:** Dirixidas a grupos de 4 ou 5 nenos/as, contribuirán ao “traballo cooperativo”. Por exemplo: Investigacións documentais, escritura de textos no ordenador, actividades de tutoría entre iguais...
- **Actividades individuais:** Actividades onde os alumnos/as traballan individualmente un exercicio concreto. Por exemplo: Resolución de sopas de letras, encrucillados, escritura no caderno, completar frases...

- MOMENTO DENTRO DA PROGRAMACIÓN DE AULA

- **Actividades iniciais:** Ao comezo de cada unidade, propóñense actividades que susciten o interese do alumnado e motiven e fomenten a súa participación. Por exemplo: Lectura do conto de Luceciño, coloquios, cancións, fichas...
- **Actividades de desenvolvemento:** Axudan ao alumnado a organizar e relacionar a información nova coa que xa posúe, para construír as súas aprendizaxes. Por exemplo: Cubrir fichas de relacionar, ler e aprender as fichas de contidos, investigacións, lectura de mapas...
- **Actividades finais:** Afianzan os diferentes tipos de capacidades. Servirán tamén como avaliación final do proceso. Por exemplo: Preguntas, charlas, encrucillados, lapbooks, completar frases, viaxes co Google Earth...
- **Actividades de ampliación e reforzo:** Son aquelas que reforzan as aprendizaxes cando sexa necesario incidir sobre un determinado contido, e aquelas que amplían outros contidos para aqueles alumnos/as que o requiran. Por exemplo: Fichas, completar frases, identificar obxectos...

- OUTRAS ACTIVIDADES

- **Actividades extraescolares:** Durante o presente curso non serán realizadas debido á situación Covid-19.
- **Actividades complementarias:** Realízase en horario lectivo e forman parte da programación. Teñen carácter diferenciado polo momento, espazos e recursos que utilizan. Levaranse a cabo se a situación Covid-19 o permite.
- **Conmemoracións:** Seguiremos o establecido polo Artigo 8 da Orde do 25 de xuño do 2020 que establece o Calendario Escolar e levaremos a cabo no centro (como mínimo) as actividades de conmemoración dos días marcados pola mesma como:
 - 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
 - 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
 - Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
 - 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
 - 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
 - 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
 - 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
 - 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
 - Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
 - 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
 - Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
 - 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
 - 9 de maio de 2021: Día de Europa.
 - Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
 - 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente.

Igualmente e de conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaremos actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliar supón emitir xuízos de valor sobre unha determinada actividade ou proceso co fin de establecer mecanismos de mellora. A avaliación, que seguirá as pautas da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, centrarase en dous ámbitos principais:

- **Avaliación dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado.** Será continua e global, e terá en conta o progreso no conxunto das áreas e a adquisición das competencias clave.
- **Avaliación do exercicio da práctica docente.** O profesorado avaliará tanto os procesos de ensinanza como a súa propia práctica docente.

Ademais, esta avaliación terá en conta diversos aspectos:

- ✓ Os referentes para a valoración do grao de desenvolvemento das competencias e dos obxectivos da etapa serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

- ✓ A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado.
- ✓ Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración o perfil competencial de cada competencia.
- ✓ No proceso de avaliación da práctica docente, valoraranse os procedementos de avaliación, o grao de desenvolvemento das programacións docentes, a adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes, a eficiencia das medidas curriculares e organizativas, as medidas de atención á diversidade aplicadas, o clima de traballo na aula, a coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa.

7.1. MOMENTOS DA AVALIACIÓN

A avaliación desenvolverase, principalmente, nos momentos relacionados no seguinte cadro:

INICIAL	Proporcionará información sobre os coñecementos e competencias previas do alumnado.
CONTINUA	Contribuirá a levar un seguimento do alumnado.
FINAL	Realizarase ao final de cada unidade, de cada trimestre e do curso.

Ademais ao longo do curso realizaranse polo menos, tres sesións de avaliación, nas que se recollerán en acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións das áreas e o grao de desenvolvemento das competencias. Finalizadas cada unha das sesións, informaremos as familias do resultado e da evolución académica, así como das decisións adoptadas para o reforzo e/ou recuperación, de ser o caso, seguindo o modelo de documento que o centro determine.

7.2. TÉCNICAS DE AVALIACIÓN

- **Observación directa e sistemática:** A través da análise dos traballos e tarefas individuais e de grupo.
- **Observación indirecta:** De forma intencional en calquera momento do proceso.
- **Entrevistas:** Destinada a obter información sobre aspectos dificilmente avaliábeis por outros métodos, sobre a opinión, actitudes, problemas... dos alumnos/as e das súas familias.
- **Cuestionarios:** Permiten a recollida de información de forma rápida sobre temas variados a través de diversos soportes como Plickers ou Kahoot.
- **Probas obxectivas:** O alumnado elabora a resposta ou a identifica de entre varias posibilidades.

7.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Farán posible o rexistro dos datos significativos obtidos a través das diferentes técnicas:

- **Escalas de estimación:** Constitúen un instrumento de rexistro individual que se adapta ao seguimento da asimilación de contidos.
- **Listas de control:** Rexistran os datos do grupo e de cada alumno/a.
- **Diarios de clase:** Permiten recoller información sobre a actividade cotiá e facilitan o seguimento da dinámica da aula.
- **DAFOs:** Método permite analizar os factores, tanto internos como externos, que facilitan ou atrapallan o desenvolvemento dos procesos ou a consecución dos obxectivos.
- **Cronogramas:** Calendario de traballo ou de actividades que inclúe unha lista de tarefas e as datas previstas do seu desenvolvemento.
- **Portfolios:** Estas producións informan do proceso persoal seguido polo estudante, permitíndolle a el e aos demais ver os seus esforzos e logros, en relación aos obxectivos de aprendizaxe e criterios de avaliación establecidos previamente.
- **Rúbricas:** Instrumento de avaliación do desempeño das tarefas a través de táboas que desglosan os

niveis de rendemento dos estudantes nunha tarefa determinada. Permiten que os estudantes identifiquen con claridade a relevancia os obxectivos dos traballos académicos.

7.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Trataríanse do referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Establécense no Anexo I do Decreto 105/2014 e distribúense ao longo de cada unha das unidades didácticas desta programación. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

7.5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

No Decreto 105/2014 quedan definidos como as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Estarán nomeados en cada unha das Unidades Didácticas e deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro acadado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

7.6. PERFIL COMPETENCIAL

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

7.7. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Dada a importancia que a lexislación sobre avaliación outorga á valoración da práctica docente, avaliaremos a noso propio traballo docente tendo en conta diversos criterios, para o cal establecemos indicadores de logro para esta, tal e como figura no punto 10 desta programación.

8. METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar estará apoiada en diversos piares:

- **Comunicación**, a través de busca, selección, creación e intercambio de información en diversos soportes e de diversas fontes.
- **Inclusión**, grazas ao Deseño Universal de Aprendizaxe a información será presentada de forma visual, auditiva e interactiva.
- **Acción**, formando parte de tarefas reais que poidan aplicar a novas situacións e contextos.
- **Participación**, fomentando a autonomía nas aprendizaxes, e axudando o alumnado a construír o seu propio coñecemento, e deste xeito desenvolver o principio de aprender a aprender.
- **Individualización**, adaptando a resposta educativa aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, os seus intereses e motivacións, e atendendo á diversidade existente na aula.
- **Globalización**, relacionando cada bloque entre si e coas demais áreas do currículo.
- **Reflexión**, a través do emprego do Portfolio grupal e de diversas rúbricas.

Utilizar este tipo de metodoloxía propicia a aprendizaxe significativa (Ausubel), partindo sempre dos coñecementos previos do alumnado e do seu nivel psicoevolutivo (Vygotsky). Ademais, seguindo a Decroly, partiremos dun centro de interese en cada unidade didáctica (Contos de Luceciño, Viaxes co Google Earth, Adiviñas e Misterios...).

Para avanzar na mellora dos resultados empregaremos, entre outras, metodoloxías como:

- ✓ **ROLE-PLAYING**, dramatizando ou simulando casos concretos como no caso de recitacións ou dramatizacións.

- ✓ **APRENDIZAXE FUNCIONAL**, establecendo finalidades útiles e valiosas para a vida do alumnado e que teñan consecuencias naturais e significativas.
- ✓ **LAPBOOKS**, que representan unha tarefa integrada que supón un proceso de investigación e acción que promociona a participación activa do alumnado.
- ✓ **STEAM**, integrando Ciencias, Tecnoloxía, Matemáticas e Artes a través de robótica ou actividades como a lectura de datos grazas a una estación meteorolóxica, proceso garante a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

9.1. ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

Debe permitir ao alumnado situarse nel e percibilo como seu. Atenderá ás necesidades, intereses e diversidade do grupo. É importante que o alumnado dispoña de lugares propios e de uso común, para realizar actividades individuais, en grupo e a manipulación de obxectos. Os espazos facilitarán o desprazamento e a accesibilidade, serán motivadores e funcionais. Aínda que se propón unha organización espacial concreta, esta será flexible, podéndose adaptar en función das actividades que se desenvolvan na aula.

- **BIBLIOTECA DE AULA:** Presidida por un Mural Motivador dispón de variedade de obras en diversos formatos como revistas, láminas, mapas, atlas, xogos didácticos e xornais.

Ao longo do curso, na medida do posible, leremos durante o momento lector publicacións coa temática das propias unidades didácticas que conforman esta programación. O obxectivo é acadar a alfabetización múltiple do alumnado como apoio ao Proxecto Lector de Centro e o Plan Anual de Lectura, incluídos no Proxecto Educativo, e segundo o disposto no Artigo 18 do Decreto 105/2014.

- **RECANTO TIC:** Conta con 2 ordenadores con conexión a Internet para a súa utilización como unha ferramenta máis no desenvolvemento das actividades de ensino e aprendizaxe, onde se realizarán traballos paralelos aos da aula, actividades de ampliación, investigacións, procura de información ou dixitalización de traballos. Esta zona responde á importancia social e ao lugar que ocupan na vida dos nenos/as as TIC, o que fai que deban estar presentes na aula, de modo que adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxes, familiares e de lecer.
- **PIZARRA DIXITAL INTERACTIVA:** Dispoñemos dunha PDI que non só nos axudará a presentar os contidos ao alumnado a través de diversos soportes senón realizar actividades interactivas desde diversas aplicacións.
- **RECANTO LÓXICO, MATEMÁTICO E DE EXPERIMENTACIÓN:** Unha das formas máis axeitadas para a consolidación e asimilación de conceptos é facilitar ao alumnado a posta en práctica as súas aprendizaxes, de forma que poida comprobar pola súa propia experiencia, o interese e a utilidade dos mesmos. Realizaranse pequenos experimentos con diversos materiais, análise do espazo e do contorno, cintas métricas e balanzas, observación a través dunha estación meteorolóxica, xerminación de sementes, colección de rochas e minerais, separación de mesturas, cambios de estado na auga, observación de densidades, etc.

9.2. ORGANIZACIÓN DOS TEMPOS.

Terá en conta as necesidades, ritmo e intereses do alumnado e combinará tempos de actividade e descanso e actividades individuais e en grupo. Os tempos terán un carácter dinámico e flexible e axustaranse á realidade cotiá. Por iso, propónse unha distribución horaria adaptada ás súas necesidades e cumprindo coas sesións semanais marcadas polo Decreto 105/2014 desta forma:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:30 10:20	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LENGUA CASTELLANA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
10:20 11:10	LENGUA CASTELLANA	RELIXIÓN VALORES	INGLÉS	EDUCACIÓN FÍSICA	LENGUA CASTELLANA
11:10 12:00	CIENCIAS SOCIAIS	INGLÉS	INGLÉS	EDUCACIÓN FÍSICA	MÚSICA
12:00 12:30	H O R A D E L E R				
12:30 12:50	R E C R E O				
12:50 13:40	LINGUA GALEGA	LENGUA CASTELLANA	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA
13:40 14:30	LIBRE CONFIG	CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS DA NATUREZA	PLÁSTICA

Levaremos a cabo en cada unidade didáctica actividades de presentación nas sesións iniciais, actividades de desenvolvementos nas sesións intermedias e actividades de reforzo previas á avaliación.

9.3. RECURSOS DIDÁCTICOS

Para levar a cabo esta programación empregaremos tódolos recursos á nosa disposición.

No relativo aos recursos persoais, solicitaremos o apoio dos demais compañeiros/as, mediadores e logopedas, e tamén das familias á hora de colaborar en certas actividades. Tamén poderemos contar coa colaboración de profesionais do sector científico e tecnolóxico como astrónomos, arqueólogos ou meteorólogos.

Empregaremos os recursos ambientais dos que dispoñemos, non só no centro, senón no exterior, poden organizar actividades na Biblioteca Municipal, no Concello ou no Auditorio.

En canto aos recursos materiais, debemos posuír un ambiente de aula atractivo e motivador que esperte o interese do alumnado. Servirán de apoio no proceso de ensino - aprendizaxe e deberán posibilitar ao alumnado todas aquelas accións que lle permitan moverse, observar, crear, imaxinar... Empregaremos material natural (rochas, area, terra, legumes, madeira), de observación (microscopio, material de laboratorio, lupas, estación meteorolóxica, prismáticos, termómetro, compás, telescopio), de reciclaxe (botes, bolsas, caixas, tapas, vasos, polispán), xogos didácticos (pasapalabra, mapmaster), manipulativo (globos terráqueos, mapas, maquetas), impreso (prensa, revistas, contos, atlas), audiovisual (documentais, vídeos, cámara, fotografías) e informático (ordenador, xogos, webs, lousa dixital interactiva, tablets).

9.4. RECURSOS DESTACADOS

- **A VIAXE DE LUCECIÑO:** Esta programación conta cunha personaxe que dará unidade á secuencia de aprendizaxe ao longo do curso. Trátase de “Luceciño” un ser chegado doutro planeta, que visita aos nenos e nenas porque quere coñecer a Terra. Presentaranse as novas aprendizaxes en forma de contos, que servirán como elemento motivador e eixo vertebrador e permitirán que as aprendizaxes sexan máis significativas. Ao finalizar cada conto, proporanse unha serie de actividades relacionadas coa temática de cada un dos contos. Este recurso servirá de apoio ao Proxecto Lector e o Plan Anual de Lectura.

- **GOOGLE EARTH:** Para potenciar a consecución dos obxectivos e o bo desenvolvemento das unidades, e para traballar diversos contidos da área, agasallaremos ao alumnado con viaxes virtuais co Google Earth. Cada viaxe estará relacionada coa temática de cada unidade didáctica.

O alumnado disporá dun pequeno Pasaporte que servirá de anecdotario e potenciará a composición escrita, a

busca de información na Rede. Ademais, situaremos nun gran mapamundi, cunha pequena bandeira, os lugares que visitemos. Este recurso servirá como apoio ao Plan de Introducción das TIC segundo o disposto no Artigo 18 do Decreto 105/2014.

- **INVESTIGACIÓNS DOCUMENTAIS:** De forma regular e sinxela proporemos aos nosos alumnos unha investigación. Trátase de deixar no recuncho de experimentación ou desde o Blog unha actividade que poderá consistir nun experimento, nunha investigación ou nun enigma para resolver. Cada resposta satisfactoria será premiada cun punto positivo no seu perfil de Class Dojo.
- **BLOG:** Contaremos cun espazo na web do centro que servirá de “ventá ao mundo” para achegar así as tarefas da aula á comunidade mediante, fotos e textos que realizarán os propios alumnos/as, así como materiais que propondrá o mestre ás familias.
- **LAPBOOKS:** Tamén chamados “libros de lapelas”, empregaremos este interesante e motivador recurso para realizar unha síntese dun determinado tema, de forma individual ou en grupo, apoiando a área de Educación Artística. Pode servir como instrumento de avaliación.
- **PRECEPTOS, REFRÁNS, CITAS E LECTURAS:** Colección de diversas manifestacións artísticas e información escritas relacionadas coa temática de cada unha das unidades didácticas.

9.5. LIBROS DE TEXTO

LINGUA CASTELÁ: Proxecto SAVIA. SM

ISBN 978-84-675-7538-5

LINGUA GALEGA: Proxecto CELME. SM Xerme

ISBN 978-84-9854-526-5

MATEMÁTICAS: Proxecto “Aprender es crecer”. ANAYA

ISBN 978-84-678-778-16

CIENCIAS SOCIAIS: Proxecto CELME. SM Xerme

ISBN 978-84-9854-527-2

CIENCIAS DA NATUREZA: Proxecto CELME. SM Xerme

ISBN 978-84-9854-528-9

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Nos procesos de avaliación do alumnado teremos en conta, nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais os items que figuran a continuación:

- ✓ Nivel de lectura e escritura.
- ✓ Traballo individual e en grupo.
- ✓ Tarefas realizadas no colexio.
- ✓ Atención, interese e aplicación do aprendido
- ✓ Intervencións na aula.
- ✓ Probas de avaliación escritas ou orais.
- ✓ Fichas e cadernos de aula.
- ✓ Cumprimento das normas.
- ✓ Valores de convivencia (respecto, tolerancia, colaboración, empatía, cooperación, escoita activa e asertividade).

Na caso das áreas de Educación Plástica e Valores Sociais e Cívicos teranse en conta os rexistros

anecdóticos persoais, os diarios de aula, os resumos e traballos de aplicación e síntese, os cadernos de clase, os textos escritos, as fichas de observación ou as postas en común (exposicións, entrevistas, diálogos, debates ou probas orais) entre outros.

No resultado final da área de Valores Sociais ponderarase un 90 % a actitude, o seu comportamento, a orde e limpeza dos traballos, o cumprimento das normas e os valores persoais, o recoñecemento de emocións, a empatía e a capacidade para xestionar os conflitos e un 10 % a capacidade para realizar traballos cooperativos e de axuda aos demais.

A respecto da promoción de curso, teremos en conta as pautas que marca o artigo 6 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Cando un alumno ou unha alumna non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio
4. A repetición considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
5. O alumnado que promocioe de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

Os criterios referencia para promoción aprobados polo centro educativo son os seguintes:

- IMPERATIVO LEGAL

A decisión de que o alumno permaneza un ano máis no mesmo nivel só se pode adoptar, como norma xeral, unha vez ao longo da etapa. O alumnado que xa permanecera un ano nun mesmo curso, promocionará ao nivel seguinte, aínda non tendo acadados os elementos prescriptivos do currículo programados para tal nivel educativo.

- NUMÉRICO

Con carácter orientativo, o alumnado promocionará cando cumpra as seguintes condicións:

Número de áreas	Áreas	Resultado
1	Calquera	Promociona cun plan específico de recuperación
2	Lingua Castelá Lingua Galega Matemáticas	Non promociona

3	- Lingua Castelá ou Lingua Galega ou Matemáticas ou Ciencias Naturais ou Ciencias Sociais ou Inglés xunto con Educación Física e Educación Artística. - Ciencias Naturais ou Ciencias Sociais xunto con Inglés e Educación Física ou Educación Artística	Promociona cun plan específico de recuperación
4 ou máis	Calquera	Non promociona

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

A Orde do 9 de xuño de 2016 outorga a través do seu artigo 8 unha grande importancia á avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente. Deste xeito, en cada sesión de avaliación avalíaranse os procesos de ensinanza e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Clima de traballo na aula.
- Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

Dada a importancia que a lexislación sobre avaliación outorga á valoración da práctica docente, avaliaremos a noso propio traballo docente tendo en conta diversos criterios, para o cal establecemos indicadores de logro para esta, tal e como figura na seguinte táboa:

VALORACIÓN: 0 = NON SE CONTEMPLA 1 = PARCIAL 2 = BEN 3 = EXCELENTE	
OBXECTIVOS	
Inclúense os obxectivos xerais da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Quedan conectados cos criterios de avaliación e os seus estándares de aprendizaxe, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo curso	
COMPETENCIAS CLAVE	
Especificase o tratamento xeral que se lle vai a dar a cada competencia ao expor a contribución da área ao desenvolvemento das mesmas	
As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en estándares de aprendizaxe, para poder ser avaliadas	
Preséntanse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita	

Consideración de medidas para incorporar o TIC, aos procesos de ensino e aprendizaxe	
CONTIDOS	
Secuenciación coherente	
Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos.	
Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentais e actitudinais	
Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivadores para o alumnado	
AVALIACIÓN	
Inclúense os criterios de avaliación da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación dos criterios de avaliación do currículo	
Concreción suficiente dos estándares de avaliación para ser observables ou medibles	
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados	
Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación	
Para cada un dos criterios de avaliación indícanse os estándares de aprendizaxe que se consideran como aprendizaxes mínimas para superalo	
Os estándares de aprendizaxe que expresan os mínimos exixibles aparecen en diversas unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición	
Información ás familias e ao alumnado dos criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos esixibles	
Actividades de apoio, reforzo, ampliación e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos	
Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoavaliación e a coavaliación polo alumnado	
Considéranse procedementos para valorar e revisar a programación didáctica	
METODOLOXÍA	
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino	
Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensino e aprendizaxe	
Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo da aprendizaxe	

Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivadores para o alumnado	
Metodoloxías de traballo cooperativo	
Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest	
Recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado	
Organización flexible dos recursos espaciais e temporais, agrupamentos e materiais	
OUTROS ASPECTOS	
Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo	
Asociación temporal dos distintos valores democráticos coas unidades, temas ou proxectos nos que se van traballar	
Medidas de atención á diversidade e as adaptacións curriculares precisas	
Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos	
Coordinación do profesorado a nivel vertical	
Actividades extraescolares e complementarias	

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece no punto 4.3 a necesidade de que durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Tendo en conta isto, deberase partir de que o grupo é descoñecido para o seu profesor titor, feito que dificulta o seguimento do alumnado. Os primeiros días levouse a cabo unha avaliación que consistiu nunhas probas escritas, lingüísticas e matemáticas.

Analizando o grupo e os resultados, fundamentalmente de tres nenos, valóranse diversas posibilidades de organizar a aula e as estratexias metodolóxicas a levar a cabo, tendo en conta tamén as recomendacións aportadas polas persoas que integran o DO tamén en relación á intervención educativa máis axeitada en cada caso. En todo caso, as medidas a poñer en práctica polo momento serán de tipo ordinario pasando por como adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula, adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado, metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación ou reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Diversas Leis Educativas resaltan a importancia da adaptación do proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades, características e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

Por unha banda a Orde do 31 de Outubro 1996 na que se introduce por primeira vez o termo Necesidades Educativas de Apoio Específico no que se inclúe ao alumnado con altas capacidades intelectuais, o alumnado con integración tardía no sistema educativo e ao alumnado con necesidades educativas especiais, asociadas a déficits psíquicos, físicos, sensoriais e trastornos da conduta e da personalidade. Por outra banda o Decreto 229/2011 de 7 de decembro que no seu Artigo 3 define “Atención á Diversidade” como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En relación ás necesidades educativas que presenta a aula, as actuacións que se leven a cabo seguirán principios como a normalización, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade, interculturalidade, promoción da convivencia, e participación de toda a comunidade educativa.

A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario. Na resposta educativa priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

A intervención educativa terá como base un enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais. As nais, pais ou tutores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades dos seus fillos e fillas, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

Adaptaremos a resposta educativa con medidas que terán como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Nas medidas ordinarias de atención á diversidade a lexislación en materia educativa inclúe, de ser o caso, as seguintes:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.

k) Programas específicos personalizados.

l) Programas de habilidades sociais.

No caso de terse aplicado estas e unha vez esgotadas ou por resultaren estas insuficientes, poderanse aplicar medidas extraordinarias entre outras, as que seguen:

a) Adaptacións curriculares.

b) Agrupamentos flexibles.

c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

d) Flexibilización da duración do período de escolarización.

e) Programas de diversificación curricular.

f) Programas de cualificación profesional inicial.

g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

h) Grupos de adquisición das linguas.

i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Igualmente, en realación aos dous casos de ANEAE que existen na aula, seguiranse as pautas que marcan os protocolos para a atención á diversidade e orientación publicados no porta da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

No caso do alumnado que promociona de curso con algunha área con cualificación negativa, farase valer o disposto no artigo 6 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e, deste xeito, deseñaranse plans específicos de recuperación que pasarán a formar parte do expediente académico.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares resaltan pola súa importancia e beneficios:

- ✓ Apoio ao desenvolvemento dos elementos do currículo.
- ✓ Motivación.
- ✓ Ruptura da rutina.
- ✓ Socialización, cooperación e sentimento de pertenza ao grupo.
- ✓ Descubrimento de habilidades.
- ✓ Exploración e coñecemento do contorno próximo.
- ✓ Desenvolvemento das habilidades de tipo social.

As saídas escolares veñen xestionadas polo aproveitamento didáctico das mesmas e a concordancia co currículo escolar. De ser o caso, ao longo do curso escolar poderase realizar unha saída didáctica por trimestre e nivel.

Algunhas das propostas previstas para o presente ano escolar poderían estar relacionadas cos seguintes ámbitos, aínda que se poderán realizar outras non contempladas e mesmo algunha substitución das previstas, sempre e cando a situación Covid-19 o permita:

- Entorno: Concello, aulas natureza. mercado, vendima ou plantación.
- Viaxes educativas: a Tui (Areas, Monte Aloia ou viaxe en tren), A Guarda, O Rosal, O Porriño (castros, medio mariño, empresas, Museo da Pedra e as Rochas...), o Val Miñor (Praias, Ramallosa, Baiona, Estiario

da Foz ou Nigrán.), Portugal (Vila Nova de Cerveira) ou a Vigo (Afundación: teatro/música, cine, medios de comunicación, policía, museos, fábricas, Museo do Mar de Galica, Salinae, Anfacó ou viaxe en tren).

- Viaxes educativas relacionadas coa ciencia.
- Actividades ofertadas polo Concello de Tomiño: Teatros, viveiros, deportivas...
- Terras de Turonia.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROPIAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

É importante promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso ao finalizar cada trimestre propónse unha secuencia de items que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado e establecer estratexias de mellora da propia programación.

ITEMS	PUNTOS FORTES	PUNTOS DÉBILES	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			

Atención á diversidade			
------------------------	--	--	--

Paralelamente poderemos empregar DAFOs de avaliación que permitirán deixar rexistradas as fortalezas e debilidades das programacións didácticas:

	OBSTACULIZADOR	FACILITADOR
INTERNO	Debilidades	Forzas
EXTERNO	Ameazas	Oportunidades

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, AO PLAN TIC E AO PLAN DE CONVIVENCIA

O Proxecto lector terá un grande apoio no traballo de aula. A biblioteca de aula contará con variedade de obras en diversos formatos como revistas, láminas, mapas, atlas, xogos didácticos e xornais, material que, desde o momento lector estipulado no horario, axudará a desenvolver as competencias lingüísticas en apoio ao proxecto lector de centro.

O feito de dispoñer de dous ordenadores de sobremesa na aula contribuirá de forma directa ao desenvolvemento do Plan TIC do centro. Igualmente contamos cunha lousa dixital interactiva que permitirá mostrar contido en diversos soportes así como interactuar en diversas actividades e con diferentes aplicación, accións que axudarán a desenvolver a competencias dixitais do alumnado.

A respecto do Plan de Convivencia, os Elementos Transversais xogan un papel fundamental no seu desenvolvemento. Son Diversas son as razóns que xustifican a necesidade de tratar a educación en valores na aula:

- **Razóns pedagóxicas:** Porque só así é posible a formación integral e o pleno desenvolvemento da persoa.
- **Razóns sociais:** Debido a que a sociedade demanda, cada vez máis, un papel activo da escola na implantación dunha nova orde de valores.
- **Razóns legais:** Xa que, de xeito implícito, a educación en valores aparece na LOMCE, e de forma explícita no Artigo 11 (Elementos Transversais) do Decreto 105/2014.

A citada lei establece que “sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas”.

Ademais de traballarse os citados e os específicos de cada UD, abordaremos os que xurdan diaria e espontaneamente da seguinte maneira no relativo aos seguintes aspectos:

- Equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non

discriminación por razón de discapacidade.

- A igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero, e igualdade de trato e non discriminación por calquera condición.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos.
- Liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia de calquera tipo.
- Non discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual.
- Desenvolvemento sostible e o coidado do medio ambiente.
- Riscos de explotación e abuso sexual.
- Risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir da creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Mellora da convivencia.
- Prevención dos accidentes de tráfico.

Así mesmo, a aula contará co Mural da “Árbore da Convivencia” no que se recollen Normas de Aula, que serán acordadas polo grupo, no que figurarán aquelas condutas que favorecen a convivencia. Esta formulación realizarase, conforme ao disposto no Plan de Convivencia do Centro, regulado polo Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Ademais, fomentaremos os Elementos Transversais a través da lectura de diversas obras literarias grazas ás que reforzaremos a prevención e resolución pacífica de conflitos, o coidado do medio ou a plena integración das persoas na sociedade.

17. PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA NO GRUPO

Durante o presente curso escolar, o profesorado que imparte docencia no grupo quedará repartido do seguinte xeito:

ÁREA	PERSOA QUE IMPARTE
Lingua Galega Lingua Castelá Matemáticas Ciencias da Natureza Ciencias Sociais Educación Plástica e Visual Valores Sociais e Cívicos	Adrián Blanco Aragunde - Titor do grupo
Lingua Estranxeira - Inglés	Tamara Fernández Amosa
Educación Musical	Iván Suárez Prada
Educación Física	Begoña Cruz Martínez López

Relixión Católica	María Luz Álvarez Álvarez
Pedagogía Terapéutica	Cristina Abalde Martínez
Audición e Linguaxe	María Isabel Lorenzo Fernández

18. CONSIDERACIONES ESPECÍFICAS NO CASO DE INTERRUPCIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Nos supostos regulados polas Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, en caso da interrupción da actividade lectiva iniciárase o ensino a distancia empregando a Aula Virtual visible na web do centro educativo.

As metodoloxías de traballo empregadas durante a fase non presencial poderán ser as seguintes:

- **Globalización e Interdisciplinidade:** Daráselles aos contidos un enfoque global e interdisciplinar relacionando cada bloque entre si e coas demais áreas do currículo.
- **Inclusión:** Lograrase, non só grazas aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, senón debido a que a información será presentada de forma visual, auditiva e interactiva.
- **Accesibilidade:** Tendo sempre presente a premisa do acceso universal aos recursos e materiais.
- **Gamificación:** Facilitando ao alumnado unha serie de aplicacións dixitais, ben xa existentes (mundoprimary.com) ou ben creadas polo profesorado (kahoot.com) co obxectivo de manter a motivación.
- **Flipped Classroom:** Empregaranse vídeos, ben xa existentes ou ben creadas polo profesorado (youtube.com) para xirar a aula e achegar as explicacións ao alumnado previas ao traballo.
- **Reforzo positivo:** Continuarase co emprego da plataforma classdojo.com co obxectivo de seguir motivando o alumnado.
- **Apertura de ventás virtuais:** Abriranse canles de comunicación bidireccional co obxectivo de ter reducir ao mínimo a distancia entre profesorado e alumnado. Do mesmo xeito intentarase levar a cabo actividades individuais ou colaborativas que serán publicadas nos contornos virtuais para manter o alumnado unido e a cohesión de grupo.

Co obxectivo de proveer tanto a igualdade de oportunidades como o dereito á educación do alumnado, porase especial atención a que todo o alumnado dispoña dos medios, tanto hardware como acceso á rede. Naqueles casos nos que as familias non dispoñan de medios, de ser posible, activaranse mecanismos compensatorios e, deste xeito, farase chegar ás familias dispositivos dixitais e/ou dotadas de acceso á rede e, de resultar imposible, o traballo seguirá como guía a organización do libro de texto segundo as pautas que o profesorado poida establecer a través da aplicación de mensaxería Abalar Móbil así como doutros medios (teléfono ou mensaxes de texto). Por outra banda intentarase dar resposta ás dificultades na competencia dixital para facer posible o acceso universal a estes recursos.

Do mesmo xeito e para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado realizarase un seguimento das actividades a través das entregas de tarefas a través da aula virtual así como por outros medios.

Anexos

Objetivos

Contidos

Criterios de Avaliación

Estandares de Aprendizaxe

Mínimos Esixibles



ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados. ▪ B1.2. Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel. ▪ B1.3. Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión). ▪ B1.4. Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en internet e noutros soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Iniciación á actividade científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. O traballo cooperativo. ▪ B1.7. Técnicas traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. ▪ B1.8. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento. ▪ B2.2. As funcións vitais. Importancia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ k	<p>dos sentidos en relación co medio. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.</p> <p>▪ B2.3. Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.</p>		<p>▪ CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.</p>	<p>▪ CMCCT</p> <p>▪ CCL</p>
<p>▪ a</p> <p>▪ b</p> <p>▪ c</p> <p>▪ d</p> <p>▪ h</p> <p>▪ k</p> <p>▪ m</p>	<p>▪ B2.4. Saúde e enfermidade.</p> <p>▪ B2.5. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.</p> <p>▪ B2.6. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento da saúde.</p> <p>▪ B2.7. Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros...</p>	<p>▪ B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.</p>	<p>▪ CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.</p> <p>▪ CNB2.2.2 Identifica e valora as súas habilidades persoais.</p> <p>▪ CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.</p>	<p>▪ CMCCT</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CSIEE</p> <p>▪ CMCCT</p>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Coñecemento de si mesmo/a e dos e das demais: emocións e sentimentos propios e alleos. Valoración das súas habilidades persoais. B2.9. A relación cos demais. Toma de decisións. B2.10. A igualdade entre homes e mulleres. 		<ul style="list-style-type: none"> CNB2.2.4. Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> e h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.11. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais. B2.12. Identificación de sistemas de conservación alimentaria. B2.13. Pirámide alimentaria. B2.14. Análise de dietas equilibradas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Diseñar un menú equilibrado para a súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> CNB2.3.1. Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> CNB2.3.2. Identifica sistemas de conservación alimentaria. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> CNB2.3.3. Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
<ul style="list-style-type: none"> b h e l i o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Diferenza entre seres vivos e inertes. B3.2. Identificación de animais e de plantas como seres vivos. B3.3. Identificación e clasificación de rochas a partir de características observables. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables. ▪ B3.5 Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables. ▪ B3.6 Utilización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia. ▪ B3.7. Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno. ▪ B3.8. Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación. 		<p>seu contorno, con criterio científico.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Planificación, observación e comparación das diversas maneiras en 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ h ▪ i ▪ j ▪ l ▪ m ▪ o 	<p>que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible. Comunicación dos resultados, empregando distintos soportes textuais.</p>	<p>material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.2. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. O sol e a auga como fontes de enerxía. ▪ B4.2. Características e propiedades do aire e actuacións necesarias para evitar a súa contaminación. ▪ B4.3 Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida. ▪ B4.4. Intervención da enerxía na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. ▪ CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético. B4.6. A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental. B4.7. Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas mediambientais. 		<ul style="list-style-type: none"> CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
